

ración será necesaria para a obtención dos beneficios fiscais ou doutra natureza que poidan establecerse.

Art. 16

A instancia ou petición de declaración de utilidade pública iniciárase con petición razoada á Alcaldía e xuntando a seguinte documentación:

1. Exposicións de motivos nos que se basee a petición.
2. Informe do Rexistro Municipal de Asociacións, cos datos actualizados da entidade solicitante.
3. Memoria das actividades realizadas desde os dous últimos anos anteriores á solicitude debidamente xustificadas e documentadas.

Art. 17

Os distintos departamentos municipais articularán as relacións de colaboración necesarias, co fin de facilitar a tramitación dos asuntos promovidos polas asociacións debidamente inscritas, e será a

unidade administrativa responsable da xestión deste rexistro de asociacións a encargada de lles subministrar a outras unidades municipais os datos referentes ás asociacións que estean nos arquivos municipais.

Art. 18

As asociacións inscritas están obrigadas a actualizar os datos no rexistro e a notificar cantas modificacións se produzan, no prazo máximo dun mes. En todo caso, cada ano as asociacións actualizarán os ditos datos e achegarán certificación do número de socios. No mes de xaneiro de cada ano, as asociacións presentarán unha memoria onde constará, como mínimo, a relación de actividades realizadas e o balance económico do exercicio anterior e a súa aplicación e mais o programa de actividades e orzamento para o ano en curso.

Art. 19

As asociacións responderán do uso realizado das instalacións municipais e dos danos que nestas se poidan causar pola súa utilización.

Art. 20

O incumprimento destas obrigacións poderá dar lugar, tras a tramitación do oportuno expediente, á baixa da asociación no rexistro coa conseguinte perda dos dereitos enumerados neste regulamento.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A entrada en vigor do presente regulamento prodúcese logo de que se publique enteiramente o

seu texto no BOP e unha vez que transcorra o prazo de 15 días.

Marín, 20 de xaneiro de 2009.—O Alcalde-Presidente, Francisco A. Veiga Soto. **2009000750**

A N U N C I O

Non producíndose reclamacións ó Regulamento dos Cemiterios Municipais de Marín é considerándose aprobado definitivamente, publícase no Boletín Oficial da Provincia o texto íntegro en cumprimento do preceptuado no artigo 70.2 da Lei reguladora de Bases de Réxime Local, entrando en vigor unha vez transcurrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril.

**REGULAMENTO DOS CEMITERIOS
MUNICIPAIS DE MARÍN**

LIMIAR

A competencia nesta materia vénlles atribuída aos concellos, en virtude do artigo 25.2.j da Lei 7/85, de bases de réxime local (LBRL); do 80.2.J da Lei 5/97 de Administración local de Galicia (LALG) e do 42.3.e da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, un servizo que é de prestación obrigatoria en todos os concellos (artigo 26.1.a da LBRL e 81.a da LALG).

CAPÍTULO 1

DISPOSICIÓN XERAIS

Art. 1. O obxecto deste regulamento é a ordenación do servizo dos cemiterios públicos municipais de Marín, con suxeición ás normas que se establecen, sen prexuízo da aplicación da normativa sanitaria vixente.

Art. 2. Naqueles aspectos non regulados no presente regulamento estarase ao disposto no Regulamento de policía sanitaria mortuoria de Galicia, Regulamento de policía sanitaria mortuoria estatal, Lei xeral de sanidade e Lei reguladora das bases de réxime local e disposicións de desenvolvemento.

Art. 3. Este regulamento comprende os seguintes cemiterios de titularidade municipal no termo municipal de Marín (xunto coas instalacións que posúe cada un deles):

- a) Cemiterio de San Pedro da Raña.
- b) Cemiterio de Santa M.^a do Campo.
- c) Cemiterio de Ardán.

Art. 4. O horario de apertura e peche dos cemiterios municipais será regulado pola Alcaldía en función das distintas estacións do ano e das dispoñibilidades do persoal.

O horario de apertura ao público será exposto en lugar visible nas entradas principais dos cemiterios municipais.

A Alcaldía establecerá igualmente o horario de enterramentos e demais operacións mortuorias, fóra do cal non se admitirá ningún enterramento, excepto os cadáveres conducidos en servizo especial.

Art. 5. Prohíbese ao persoal alleo ao servizo o acceso ao depósito de cadáveres e ao osario xeral.

Art.6. As funcións do persoal ao servizo dos cemiterios serán as seguintes:

- a) Coidar do aseo do cemiterio e das súas dependencias, da organización do recinto interior e da conservación de plantas e árbores.
- b) Recibir e conducir os cadáveres e restos que se lle entreguen para a súa inhumación, conservándoos no depósito cando así proceda. En calquera caso, deberase actuar conforme ao disposto no capítulo V deste regulamento.
- c) Realizar as operacións materiais necesarias para a inhumación ou exhumación, se é o caso, e para o peche das sepulturas.
- d) Conservar a chave do cemiterio mentres a Alcaldía non dispoña outra cousa.
- e) Velar pola boa orde do recinto evitando actos, presenza de persoas ou realización de actividades que redunden no prexuízo do respecto debido ao lugar, e dar conta de calquera incidente que se produza.
- f) Executar as ordes e instrucións especiais que procedan dos seus superiores.
- g) Evitar que se vexan ósos e obxectos de calquera clase na superficie do terreo.
- h) Evitar a entrada de cans ou calquera outro animal no recinto, salvo os que teñan carácter de can guía na compañía de invidentes.

CAPÍTULO II

ZONAS DE ENTERRAMENTO E SUPULTURA

Art. 7. Os cemiterios municipais quedarán divididos en diversas zonas de enterramento segundo as sepulturas que se poidan localizar neles. A superficie dedicada a panteóns dividirase en parcelas susceptibles de situar este tipo de sepulturas. A citada división plásmase nos planos que se achegan a este regulamento, como anexo I, e que poderán modificarse segundo decidan os servizos técnicos do Concello.

Nas zonas de nichos reservarase espazo para a inhumación dos cadáveres de persoas que carezan absolutamente de medios económicos, tras o expediente administrativo tramitado polos servizos sociais do Concello, e tamén dos cadáveres que sexan enviados polas autoridades xudiciais para tal fin, nas seguintes condicións:

- Non poderán ser obxecto de concesión nin arrendamento.
- Non terán lápida nin mais indicacións que a de ser propiedade municipal.
- A súa utilización non xerará ningún dereito e terán carácter gratuíto.
- Transcorrido o prazo de cinco anos desde a inhumación, os restos serán trasladados ao osario xeral, agás nos casos que dispoña a autoridade xudicial ou sanitaria.

Art. 8. Os tipos de sepulturas serán as seguintes:

- a) Nichos e panteóns.
- b) Mausoleos e adegas.
- c) Cinceiros e columbarios.
- d) Fosas.

Para que os traballadores do cemiterio teñan unhas condicións boas e dignas de traballo, nas adegas nas que as dimensións sexan menores de dous por dous metros non se permitirá a súa utilización para enterramentos.

CAPÍTULO III

CONSTRUCCIÓNS FUNERARIAS

Art. 9. Os panteóns presentarán continuidade de liñas e altura e indicaranse nos planos que han presentar os solicitantes os lindeiros e a súa altura.

Art. 10. Toda construción, decoración, ampliación ou reforma de nichos, panteóns ou fosas nos cemiterios municipais solicitarase mediante instancia ao Concello, acompañada de planos e deseño das obras que se pretendan realizar, da documentación acreditativa da titularidade da concesión e do aboamento das taxas municipais correspondentes. Serán resoltas pola Alcaldía ou órgano en quen delegue.

Art. 11. A realización de toda clase de obras dentro dos cemiterios requirirá a observación das seguintes normas:

- a) Os traballos preparatorios de canteiro e marmoreiro non poderán efectuarse dentro do recinto.
- b) A preparación dos materiais, aparellos, terra ou auga situaranse en lugares que non dificulten a circulación ou paso polas rúas.
- c) Os depósitos de materiais, aparellos, terra ou auga, situaranse en lugares que non dificulten a circulación ou paso polas rúas.
- d) As estadas, valos ou calquera outro elemento auxiliar necesario para a construción colocaranse de tal xeito que non danen as plantacións ou sepulturas adxacentes.
- e) Unha vez rematada a obra, os contratistas ou executores deberán proceder á limpeza do

lugar de construción e á retirada dos cachotes, fragmentos ou refugallos de materiais sen cuxo requisito non se devolverá a fianza que se constituíse con ocasión da licenza de obra.

Art. 12. Prohíbese a plantación de árbores e arbustos no interior dos cemiterios, así como de plantas en terraza; a función de axardinado e ornamentación xeral dos cemiterios corresponderalle ao Concello de Marín.

Os usuarios que poñan flores, testos ou outros ornamentos estarán obrigados a conservalos en bo estado e a retirar os seus restos aos lugares destinados para o efecto.

Art. 13. A colocación de símbolos, lousas e ornamentos axustarase ás dimensións máximas que sinala o Concello, sen que en ningún caso poidan prexudicar o uso dos enterramentos lindeiros. As características estéticas desas instalacións deberán harmonizar co conxunto do cemiterio. Na cabeceira das sepulturas de terra poderán poñerse cruces, sempre que a proxección horizontal ou os voos maiores non ocupen máis superficie que o ancho da sepultura.

CAPÍTULO IV CONCESIÓNS

Art. 14. O dereito funerario rexistrarase:

- a) A nome persoal e individual do propio petionario.
- b) A nome de comunidades relixiosas ou establecementos benéficos e hospitalarios recoñecidos como tales pola Administración, para uso exclusivo dos seus membros.
- c) A nome de ambos os cónxuxes no momento da súa primeira adxudicación.
- d) A nome daquelas persoas que indique o petionario na solicitud.

En ningún caso poderá rexistrarse o dereito funerario a nome de compañías de seguros de previsión ou calquera outro similar que, exclusivamente como complemento doutros riscos, lles garanten aos seus afiliados o dereito a sepultura para o día do seu falecemento. As devanditas sociedades unicamente poderán obrigarse a lle proporcionar ao asegurado o capital necesario para obtela.

Art. 15. As concesións de dereitos funerarios sobre parcelas onde se poidan situar os panteóns terá, tras o pago dos importes correspondentes, unha duración de 75 anos, e o Concello poderá reducir o período se o considera oportuno e xustificado. O Concello permitiralle ao titular a construción dun panteón con nichos aéreos na parcela concedida, conforme á normativa vixente.

Nun prazo máximo dun ano desde o outorgamento da concesión deberá estar rematada a cons-

trución do panteón. En caso de que non se fixese así, a concesión revertería no Concello sen que este teña que indemnizar o titular da concesión.

Art. 16. Nos cemiterios onde o Concello constrúa panteóns permitirase a transferencia municipal do dereito funerario sobre estes panteóns, tras o pago dos importes correspondentes, cunha duración de 75 anos, período que se poderá reducir se se considera oportuno e xustificado. A concesión de panteóns poderá ser ata de dous propietarios, dous nichos para cada propietario.

Art. 17. A concesión de nichos construídos polo Concello só se efectuará cando sexa necesaria a inhumación dun cadáver e permitirá a utilización destes, tras o pago dos importes correspondentes, por un período de dez anos, renovables de dous en dous anos por un prazo máximo total de 14 anos desde a data inicial da concesión.

A prórroga da concesión solicitarase cun mes mínimo de antelación ao remate daquela; se non se fixese así ou non se pagasen as taxas no tempo convido, perderanse todos os dereitos da concesión que reverterían no Concello.

No suposto de que no período de prórroga da concesión dun nicho fose necesario realizar outro enterramento, extinguiríase a concesión inicial e outorgaríase unha nova concesión.

Art. 18. As concesións de cinceiros e columbarios dos construídos polo Concello permiten a utilización, tras os pagos dos importes correspondentes, por un período de dez anos, renovables de dous en dous anos, por un prazo máximo total de 24 anos desde a data inicial da concesión.

A prórroga solicitarase cun mes mínimo de antelación ao remate daquel; se non se fixese así ou non se pagasen as taxas no tempo convido, perderanse todos os dereitos da concesión que revertería no Concello.

Art. 19. As concesións outorgaranse por estrita antigüidade na presentación da solicitud correspondente a cada tipo de concesión.

As parcelas onde se localizarán os panteóns soamente se lles poderán adxudicar ás persoas que figuren no Padrón Municipal de Habitantes, que deberán acreditar no momento de presentar a solicitud.

O computo das concesións temporais será de data a data.

Con carácter previo á autorización de prórrogas, deberá achegarse o recibo xustificativo do aboamento das taxas municipais correspondentes.

Art. 20. O órgano competente para o outorgamento das concesións será o Pleno ou órgano municipal en quen delegue. As prórrogas resolveranse pola Alcaldía ou órgano ou concelleira/o en quen delegue.

Art. 21. A titularidade das concesións das sepulturas estará garantido mediante a súa inscrición no libro-rexistro correspondente e a expedición do certificado acreditativo pola secretaría do Concello.

Art. 22. Prohíbese calquera transacción mercantil das sepulturas, excluídas pola lei do tráfico xurídico ao ser bens de dominio público. Admítense, porén, a transmisión, no mercantil, intervivos que se deberá formalizar en escritura pública, entre parentes consanguíneos, sen límite ningún, na liña recta descendente e ascendente.

Todo titular dunha sepultura poderá designar beneficiarios para despois da súa morte a calquera persoa, sexa ou non parente, que deberá formalizarse en escritura pública. Nas sepulturas a nome dun dos cónxuxes enténdese que é automaticamente beneficiario o cónxuxe sobrevivente quen, pola súa vez, poderá designar outros beneficiarios. En defecto de nomeamento expreso do beneficiario entenderase transmitida a titularidade da sepultura aos herdeiros testamentarios do titular e, no seu defecto, transmitirase pola orde de sucesión prevista na lexislación civil.

Para que a transmisión permitida no artigo anterior produza os seus efectos deberá ser solicitada ou comunicada, segundo os casos, ao Concello, acompañada dos documentos que proben a transmisión. O órgano municipal competente adoptará a resolución que proceda e anotarase, se é o caso, a correspondente rectificación no libro-rexistro de sepulturas.

Art. 23. As causas de extinción da concesión serán as seguintes:

- a) A non execución completa da construción dun panteón no período dun ano desde a data de outorgamento da concesión.
- b) A conclusión do período de vixencia da concesión e da prórroga producirase automaticamente co remate do prazo da concesión.
- c) Por estado ruinoso da construción. A declaración de tal estado e a caducidade requirirá expediente administrativo.
- d) Por renuncia expresa do titular aceptada formalmente pola Alcaldía.
- e) Pola declaración de abandono da sepultura, acordada pola Xunta de Goberno Local, entendendo como tal o feito de que o seu titular deixe transcórrese o prazo de dez anos sen realizar ningún acto de posesión sobre as unidades de enterramento que constitúen o seu obxecto nin atender o pagamento dos tributos municipais. A declaración de abandono require a tramitación do correspondente expediente, con audiencia do interesado.
- f) Como consecuencia da resolución dun expediente sancionador.

- g) No caso de nichos, pola exhumación do cadáver ou resto cadavérico antes do remate do período de concesión ou prórroga desta.
- h) Pola utilización das concesións para outros fins que non sexan estritamente funerarios.
- i) As sucesivas transmisións dun dereito funerario non alterarán a duración do prazo para o cal foi inicialmente concedido.

Art. 24. A extinción da concesión terá como consecuencia a reversión das sepulturas ao Concello sen aboamento de cantidade ningunha por este, que poderá adxudicalas novamente conforme ao previsto neste regulamento, malia que o Concello non poderá outorgar ningún dereito sobre estes ata que se efectúe o traslado dos restos existentes ao osario.

CAPÍTULO V

INHUMACIÓNS, EXHUMACIÓNS E TRASLADOS

Art. 25. As inhumacións, exhumacións e traslados dos cadáveres ou restos rexeranse polas normas específicas do regulamento de policía sanitaria mortuoria vixente.

Art. 26. A comunicación dunha inhumación precisará da presentación no Concello dos seguintes documentos:

- a) Concesión da sepultura ou documento que se considere suficiente.
- b) Licenza para dar sepultura outorgada polo Rexistro Civil.
- c) Autorización xudicial, se é o caso.

Diante da documentación presentada, o Concello expedirá a autorización de inhumación, da cal se lle facilitará dúas copias ao solicitante, que llas exhibirá no cemiterio ao sepultureiro-encargado, como xustificante de que a documentación está en regra e para proceder á inhumación, quedando unha delas en posesión deste. Se non é posible a expedición da autorización previa á inhumación por ser domingo ou festivo, deberase formalizar no primeiro día hábil da administración do Concello.

Art. 27. Os cadáveres irán en féretros e o Concello de Marín está obrigado a facilitarlle gratuitamente aos/ás falecidos/as que carezan absolutamente de medios económicos, con informe previo de Servizos Sociais.

Os cadáveres serán conducidos á sepultura polo persoal da empresa funeraria correspondente, agás que os desexen conducir a familia ou amigos/as do falecido/a.

Nunha mesma sepultura, con consentimento do titular, poderanse facer sucesivos enterramentos de cadáveres ou restos cadavéricos, sempre que transcorran cinco anos desde o último enterramento.

Art. 28. A exhumación dun cadáver ou de restos cadavéricos precisará autorización do Concello, logo da presentación da solicitude do titular da

concesión da sepultura que virá acompañada da autorización do organismo sanitario competente na materia. Se se trata dunha exhumación para a súa inmediata reihumación dentro do mesmo cemiterio, ou dentro dos incluídos no ámbito deste regulamento, requirirá a tramitación simultánea da licenza de inhumación perante o Concello de Marín e o cumprimento da normativa vixente no suposto de traslado de cadáveres ou restos cadavéricos.

Extinguida a concesión administrativa de sepulturas temporais, así como o prazo de cinco anos nas sepulturas gratuítas, o Concello de Marín queda facultado para proceder á exhumación dos restos cadavéricos que se trasladarán ao osario xeral tras a autorización sanitaria, agás que as familias soliciten a disposición dos restos cadavéricos para proceder á súa inhumación en cemiterios non incluídos no ámbito deste regulamento ou para a súa inhumación en nichos incluídos en panteóns para os que dispoñan de concesións.

CAPÍTULO VI

LIBROS DE REXISTROS DOS CEMITERIOS MUNICIPAIS

Art. 29. O Concello levará un libro de rexistro no que se inscribirán todas as concesións que se outorguen sobre eles.

Farase constar o nome, apelidos, número de documento nacional de identidade e domicilio do titular da concesión e, se é o caso, as transmisións das que fose obxecto. Tamén constará a clase de concesión, a data de outorgamento e o prazo de vixencia. Os datos enumerados anteriormente modificaranse automaticamente no libro, no caso de que a normativa autonómica así o estableza.

Art. 30. O Concello disporá dun libro oficial de rexistro de inhumacións, exhumacións e traslados conforme ao disposto na normativa autonómica.

CAPÍTULO VII

DEREITO SANCIONADOR

Art. 31. Constitúe infracción administrativa a acción ou omisión que comporte un incumprimento das obrigas, prohibicións ou requisitos que establece este regulamento.

Art. 32. Responsabilidade: son responsables da infracción administrativa as persoas que as cometan como autores ou coautores.

Art. 33. Clasificación e tipificación das sancións: as infraccións administrativas deste regulamento clasificaranse en leves e graves.

Constitúen infraccións graves o incumprimento das normas sobre transmisión do dereito de uso funerario, a execución de obras sen previa licenza municipal e a reiteración de faltas leves (dúas ou máis nun prazo dun ano) por un mesmo responsable.

Constitúen infraccións leves a inobservancia de calquera outra das normas deste regulamento e, sobre todo, as de utilización do cemiterio. No caso destas últimas, a infracción poderá avaliarse como grave, tendo en conta a súa transcendencia para o interese xeral, a perturbación do servizo, os danos a terceiros ou a reincidencia do seu autor.

Todo iso enténdese sen prexuízo das responsabilidades civís ou penais nas que, fronte a terceiras persoas, poidan incorrer os autores da infracción, que se lles esixirán pola vía xudicial procedente.

Art. 34. Sancións:

- a) As infraccións leves sancionaranse con multas entre 50 e 100 euros.
- b) As infraccións graves sancionaranse con multas entre 100 e 500 euros. O Concello tamén poderá rescindir a concesión do dereito de uso funerario cando se infrinxan as normas sobre a transmisión das concesións.

Art. 35. A potestade sancionadora con respecto ás infraccións graves exercitarase con suxeición ao que dispón o regulamento aprobado polo Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto. Porén, cando se trate de infraccións leves non será preciso outro trámite máis que a audiencia ao interesado.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Nos cemiterios poderanse adxudicar as parcelas para panteóns de dous en dous, a distintos adxudicatarios, coa obriga para aos concesionarios de efectuar a construción conxuntamente.

A orde de adxudicación virá determinada pola numeración dos bloques e das parcelas dentro dos bloques.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Todos aqueles que no momento de entrada en vigor deste regulamento sexan propietarios de terreos para a construción de mausoleos e panteóns deberán ser requiridos para o cumprimento do artigo 15, pero o prazo para ter rematada a construción do panteón reducirase a seis meses contados a partir da promulgación deste regulamento.

As instancias referentes ás solicitudes de concesión de sepulturas rexistradas de entrada no Concello de Marín ordenaranse por antigüidade, para os efectos de lle dar prioridade ao outorgamento da concesión de sepulturas, conforme ao criterio establecido no artigo 19 deste regulamento.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

Este regulamento derrogará o anteriormente existente no Concello de Marín, unha vez entre en vigor conforme ao regulado na disposición derradeira.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Este regulamento entrará en vigor logo de que se publique integramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia e unha vez rematado o prazo de quince días a que se refiren os artigos 70.2 e 65.2 de Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Marín, 20 de xaneiro de 2009.—O Alcalde-Presidente, Francisco A. Veiga Soto. **2009000751**

* * *

MEAÑO**A N U N C I O**

Visto o expediente de Baixa de oficio que se tramita no Negdo. de Estatística deste Concello, ó abeiro do artigo 54 do Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial das Entidades Locais (R.D. 2612/1996).

Resultando infructuoso os intentos de notificación efectuados ás persoas que de seguido se relacionan; de conformidade co disposto no artigo 59.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, expónse ó público durante o prazo de 10 días hábiles a partir do día seguinte á publicación do presente no B.O.P. e no Taboleiro de Anuncios neste Concello, ó obxecto de que os afectados poidan presentar ante a Alcaldía as alegacións que consideren pertinentes.

Transcorrido o prazo indicado entenderase que renuncia a figurar empadroadado neste Concello de Meaño e continuarase cos trámites relativos a baixa de oficio.

Relación que se cita

— D. Abdel Lafsami.

— D^a Fátima Benzerga.

Meaño, 15 de xaneiro de 2009.—O Alcalde, Jorge Domínguez Rosal. **2009000531**

* * *

MOAÑA*Anuncio de aprobación inicial do Regulamento de Servizo da Piscina Municipal de Moaña*

O Pleno do Concello de Moaña, en sesión ordinaria realizada o día 22 de decembro de 2008, aprobou inicialmente o Regulamento de Servizo da Piscina Municipal de Moaña.

De acordo co disposto artigo 49 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, sométese a información pública por un prazo de trin-

ta días hábiles —a contar dende o seguinte ó da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da provincia—, para os efectos de que polos interesados se poidan presenta-las reclamacións que coiden oportunas.

O expediente poderá examinarse nas oficinas da Secretaría do Concello, en días hábiles e durante o horario de atención ó público. No caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxerencia entenderase definitivamente adoptado o acordo.

Moaña, 7 de xaneiro de 2009.—O Alcalde, Xosé Manuel Millán Otero. **2009000335**

* * *

MONDARIZ**A N U N C I O**

Con fecha 30 de diciembre de 2008 la Alcaldía de Mondariz dictó la siguiente resolución:

“Habiéndose solicitado a este Ayuntamiento de Mondariz licencia por don Mario Carballo Ucha y doña Bibiana Ginartes Diéguez para construcción de vivienda unifamiliar en Vilaqueimada, Vilasobroso, que según los planos del proyecto limita por el lindero Norte, con camino de servicio, servidumbre de paso, de conformidad con lo previsto en el artículo 31.1.b) de la Ley de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común “se consideran interesados en el procedimiento administrativo: los que, sin haber iniciado el procedimiento puedan resultar afectados por la decisión que en el mismo se adopte” y artículo 84 de la misma ley “Instruídos los procedimientos, e inmediatamente antes de redactar la propuesta de resolución, se pondrán de manifiesto a los interesados o , en su caso, a sus representantes , salvo lo que afecte a las informaciones y datos a que se refiere el artículo 37.5.2 Los interesados, en un plazo no inferior a diez días ni superior a quince, podrán alegar y presentar los documentos y justificaciones que estimen pertinentes”; se acuerda conceder un trámite de audiencia por un plazo de diez días hábiles a los propietarios colindantes a efectos de que aleguen lo que estimen oportuno y presenten la documentación que estimen procedente; resultando ser, según los datos catastrales: Indalecio Fernández Mor, Concepción Fernández Mor, Magdalena Fernández Mor, María Fernández Mor, Rosa Fernández Mor, Matilde Pérez Carrera, José Ferreira Amoedo.

Dado que se desconoce el domicilio a efectos de notificaciones de varios de los citados y para el caso de existir otros interesados que no le constasen a esta administración, de conformidad con lo previsto en el artículo 59.5 de la Ley de Régimen Jurídico de las administraciones públicas y proce-